

## «Por moito que queime, a vida hai que pelexala, e diso falan estes relatos»

[Patricia Blanco](#) Carballo

18 de agosto de 2014

[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2014/08/18/moito-queime-vida-hai-pelexala-diso-falan-estes-relatos/0003\\_201408G18P23992.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2014/08/18/moito-queime-vida-hai-pelexala-diso-falan-estes-relatos/0003_201408G18P23992.htm)

Ramón Vilar Landeira (Rodís, Cerceda, 1973), licenciado en Filoloxía, xornalista e colaborador de varios medios ao longo dos últimos anos, vén de publicar *Os televisores estráxicos* (Xerais), unha compilación de relatos que xa está dispoñible nas librarías.

### -¿Impón o salto ao formato libro?

-Nunca publicara un individual, levaba moitos anos escribindo [mesmo gañou algúns premios], pero iso sempre me deu vertixe. Escribías, reescribías, non che gustaba... Non me sentía moi seguro do proceso de creación, pero hai cuestión de ano e medio dixen: «Vouno mover». Tiña un grupo de relatos compactos, cun mesmo fío argumental, feitos máis ou menos no mesmo período. Mandeino a Xerais, a primeira editorial na que pensei, sen demasiada esperanza polo momento que é, pero recibín a chamada. Causoume emoción e respecto.

### -Pasa tamén no xornalismo iso de que cando un se le, pensa: «Miña nai, o que escribín aquí»...

-Iso é inevitable [ri]. Teño o libro na casa, evidentemente, pero non o quero ler. Lin algúns fragmentos e sempre cambiarías cousas, pero agora xa é un ciclo pechado.

### -A estes relatos úneos unha crise de fondo, pero tamén o humor e, no medio, unha luz de saída.

-Si. Son relatos descarnados. Están influenciados polo momento económico no que se xestaron, especialmente crítico porque están concibidos sobre o 2009 e escritos a maioría en torno ao 2010, 2011... Era un momento complicado tamén no sector do xornalismo, pero en xeral en todos: víao en amigos, veciños e compañeiros... xente que se quedaba sen traballo... Iso deriva en moitas crises, tamén persoais. Así que *Os televisores estráxicos* non é un libro da crise económica, senón dos procesos todos da vida, a cal ten cousas boas e duras. Os relatos, dalgunha maneira, tratan de contar que, por moito que queime, a vida hai que pelexala, disfrutala...

### -¿As pequenas cousas tamén son historia e contan a historia?

-Si, quizais este é un libro de intrahistorias, en certo modo apegado ao xornalismo. Quería que fosen relatos non verdadeiros, senón verídicos, cribles e recoñecibles, por máis que sexa ficción. En todo caso, ficción apegada á realidade e traída á actualidade, aínda que nalgún relato poida haber algún *flash-back* a décadas pasadas. Calquera que escribe está influenciado polo que o rodea: o que se conta pode estar pasando en calquera aldea, vila ou cidade, e nese sentido están presentes lugares comúns, sitios de Bergantiños, da comarca de Ordes ou mesmo Cerceda e Rodís.

**-Xornalismo, relatos, anda a voltas cunha novela... ¿Que é peor?**

-Teñen razón tanto os que din que o relato é máis complicado como os que din que o é a novela. Para min a novela é de corredor de fondo, de paciencia... ¡Digo eu, porque non escribín ningunha, eh! O relato é máis explosivo: podes ter a idea clara nuns días e ir facendo. Os grandes relatos, que non son os deste libro [ri], están á altura da mellor novela, non son un xénero menor: os de Raymond Carver, Alice Munro, Ferrín... O xornalismo gústame, e sigo colaborando, pero a literatura dáche a perspectiva de escribir sen prása, sen a ditadura do día a día, que tamén queima.